

Panorámica polo miúdo

Estamos diante dun libro que bota unha ollada de paxaro sobre a plástica galega. Trátase dun volume de consulta, guía de viaxes ou directorio dos espazos das artes en Galiza, imprescindible para os que queiran ter unha relación viva coa súa cultura. É, asemade, unha brillante guía da arte para calquera visitante do patrimonio artístico galego, e que propicia unha visión retrospectiva dende a prehistoria até o contemporáneo. Os especialistas gozarán dun repaso estruturado e lixeiro pola historia, arquitectura, escultura e pintura de Galiza e os neófitos han recoller unha “panorámica polo miúdo”.

Cun estilo literario diáfano e accesíbel, Carlos L. Bernárdez inicia o texto dende a referencia ó mitolóxico e lendario. As memorias paleolíticas e megalíticas, a cultura dos dolmens e petroglifos, xunto ós primeiros urbanismos romanos ou os tesouros áuricos e estelares nos primeiros séculos da nosa era ocupan os capítulos iniciais. A estrutura de todas as seccións do libro arrincoa coa contextualización histórica, social e política para chegar logo as producións artísticas de cada período. Así, para narrar o Medievo de suevos e romanos, refire, por exemplo, a morte de Teodosio, afondando despois no ar oriental en Santa Comba de Bande ou no tesouro xermanizante de Baamorto.



Unha guía do noso Patrimonio



ROMÁN PADÍN OTERO

O Perrománico atopa arredor da basílica de Santiago, e a súa destrución por Almanzor, a localización dunhas épocas pendulantes entre o belicismo e o recollemento relixioso. Facendo narración dos encargos e construcións esencialmente relixiosas no Románico, a ollada percorre exteriores de mosteiros, coros pétreos catedralicios, comedores arcebispaís, e sempre o culto ao Apóstolo metaforizado na impenitente construción, agrandamento e embelecemento da Catedral Compostelá e do Camiño.

Os capítulos dedicados ao Gótico e ás creacións Renacentistas serven para unha apaixonante catalogación de estruturas e elementos decorativos, xunto coa análise

de arte comparada e dos influxos procedentes de Portugal, Flandres e Italia.

Co Barroco acontece a fervenza das construcións civís na forma dos pazos e o cumio dos fitos creacionais en Galiza como a escaleira tripla de San Domingos de Bonaval. Un repaso pola imaxinería e a memoria de creadores como Gregorio Fernandez alén das nosas fronteiras, conduce cara ao bloque final do libro. A Ilustración e o estilo Neoclásico xunto o Romantismo e o Naturalismo serven de engarce ás pedras preciosas da cultura galega nesas xeracións visionarias e estudosas da lingua, a socioloxía e o sentir do País.

Nos últimos capítulos o ton épico serve para ordenar a arte do século XX anterior e posterior á Guerra Civil. As iniciativas vangardistas, continuadoras do folclorismo preeminente na Europa da fin de século, resultaron afogadas polo horror bélico. Logo das contendas, a arte do estupor abriu camiño, pouco a pouco, ao despertar dunha aportación nacional, de caracteres peculiares, mais acompañada coas tendencias cosmopolitas. A derradeira das reproducións do libro é un cadro díptico de Antonio Murado no que unha abstracción microscópica fai pendant a un ceo ao lonxe. Cousa semellante é o diálogo de séculos na arte galega reflectido neste libro. Unha conversa entre a fermosura telúrica e pétreo da terra nai cas correntes chegadas doutros países que dá en algo individual para o desenvolvemento colectivo. Fiquen na ledicia da lectura.

LÓPEZ BERNÁRDEZ, C., *Breve historia da arte galega/Breve historia del arte gallego*, Ed. Nigratrea, Vigo, 2005, 150 páxinas

UN BRILLANTE
PERCORRIDO POLA
NOSA ARTE, CAPAZ DE
SATISFACER A TODOS
OS PÚBLICOS